

alturas a partir das cales se poderán permitir desviacións maiores.

j) Os métodos de abatemento do ruído que requiran unha combinación de medidas que afecten as actuacións do avión, como o uso de dispositivos hipersustentadores de borde de saída (flaps), potencias reducidas, pendentes de ascenso e outras, tendentes a diminuí-lo ruído, dentro dos límites que permitan os manuais de voo das aeronaves afectadas.

Catro. En todo caso deberán respectarse as limitacións establecidas polas disposicións vixentes sobre o uso de avións de reacción subsónicos.»

Disposición adicional cuarta. *Colaboración técnica.*

O Ministerio de Fomento poderalles encargar a organismos públicos e a sociedades mercantís estatais que teñan a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, a execución de actuacións materiais propias da inspección aeronáutica de carácter técnico ou especializado distintas das previstas no número 2 do artigo 5.

Disposición adicional quinta. *Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes (CIDETRA).*

A comisión á que se refire o artigo 6 desta lei será a Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes (CIDETRA) creada pola Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea, con carácter permanente, a comisión interministerial prevista no artigo 6.º do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Transportes e Comunicacións en materia de aviación. No sucesivo, esta comisión denominarase Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento.

Disposición adicional sexta.

As actuacións específicas de inspección en materia de medicina aeronáutica que realice a Dirección Xeral de Aviación Civil serán efectuadas por equipos dos que formará parte necesariamente persoal sanitario, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego, dependente do dito órgano.

Disposición adicional sétima.

O Goberno, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, por proposta do Ministerio de Fomento e oídas as organizacións representativas dos sectores sociais afectados, regulará os requisitos das aeronaves, produtos, compoñentes, equipamentos aeronáuticos, sistemas aeroportuarios e de navegación, así como dos servizos, e actividades da aviación civil, para garantir a seguridade e o acceso dos pasaxeiros e usuarios que, por motivos de discapacidade ou idade, presenten limitacións de mobilidade ou comunicación.

Esta regulación inspirarase nos principios de non discriminación, compensación de desvantaxes, acceso universal e deseño para todos, incorporando as regras e recomendacións adoptadas polos organismos internacionais nesta materia.

Disposición adicional oitava.

A ordenación dos requisitos de formación e experiencia esixidos para o exercicio profesional de actividades aeronáuticas acomodarse, en todo caso, ás regras establecidas polas normas do dereito comunitario europeo.

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno elaborará un proxecto de lei no que se determinarán as equivalencias académicas dos títulos, licencias, diplomas ou certificados que habilitan para o exercicio das funcións propias do persoal aeronáutico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei e, en particular, as seguintes:

a) O artigo 8, o parágrafo primeiro do artigo 32 e os artigos 152 a 159 do capítulo XIX da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

b) Os artigos 3, 4, 5 e 6 do Real decreto lei 15/2001, do 2 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de transporte aéreo.

c) Os artigos 1, 2 e 13, o número 2 do 6 e o número 1 do artigo 3 do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Transportes e Comunicacións en materia de aviación.

d) Os artigos 88, 89, 90 e 91 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, e o artigo 64 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Os preceptos contidos nesta lei dítanse ó abeiro das competencias atribuídas con carácter exclusivo ó Estado no artigo 149.1.4.ª e 20.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Actualización da contía das sancións.*

Autorízase o Goberno para actualizar, mediante real decreto, o importe das sancións económicas previstas nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei, determinará o réxime particular aplicable á operación das aeronaves de Estado non militares e estará facultado, así mesmo, para adecualas definicións de accidente, incidente grave e incidente de aviación civil ás que se establezan nas normas internacionais e comunitarias reguladoras da investigación técnica dos sucesos aéreos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13812 LEI ORGÁNICA 8/2003, do 9 de xullo, para a reforma concursal, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 164, do 10-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A reforma concursal esixe unha modificación moi profunda da lexislación vixente, tanto no seu aspecto substantivo como no procesual, e algunhas das súas medidas deben te-lo rango de lei orgánica. Esta lei orgánica recolle aquelas disposicións da reforma concursal que, pola súa natureza ou por afectaren normas vixentes dese carácter, requiren o devandito rango.

A primeira destas disposicións refírese ós dereitos fundamentais do debedor. Tradicionalmente, a declaración de insolvencia produciu efectos sobre a persoa do debedor, que mesmo podían consistir no arresto do quebrado. A reforma concursal ten que se orientar, conforme a doutrina do Tribunal Constitucional, no sentido de temperalo rigor deses efectos, suprimir aqueles de carácter represivo e limitarse a establece-los necesarios desde un punto de vista funcional, en beneficio da normal tramitación do procedemento e na medida en que esta o esixa, conferíndolle ó xuíz a potestade de gradualos e de adecualos ás circunstancias concretas de cada caso; pero é inevitable que nalgúns supostos eses efectos alcancen a dereitos fundamentais da persoa do debedor, como son os de liberdade, segredo das comunicacións, inviolabilidade do domicilio e libre residencia e circulación polo territorio nacional.

A intervención das comunicacións, a imposición do deber de residencia e a entrada no domicilio son medidas que, tanto nos supostos de suspensión coma nos de intervención do exercicio das facultades patrimoniais do concursado, poden resultar necesarias para a normal tramitación do procedemento, pero que sempre ha de adoptalo xuíz coas debidas garantías e motivando en todo caso a procedencia da resolución.

O arresto domiciliario do concursado débese considerar, ademais, só como medida extrema naqueles casos en que infrinxa o deber de residencia, incumpra a prohibición de se ausentar sen autorización xudicial ou existan motivos fundados para temer que o faga.

II

O carácter universal do concurso xustifica a concentración nun só órgano xudicial das materias que se consideran de especial transcendencia para o patrimonio do debedor, o que leva a lle atribuír ó xuíz do concurso xurisdicción exclusiva e excluín-te en materias como tódalas execucións e medidas cautelares que se poidan adoptar en relación co patrimonio do concursado por calquera órgano xurisdiccional ou administrativo, así como determinados asuntos que, en principio, son da competencia dos xulgados e tribunais da orde social, pero que por incidiren na situación patrimonial do concursado e para a unidade do procedemento non se deben resolver por separado.

Mediante a correspondente modificación da Lei orgánica do poder xudicial (novo artigo 86 ter), esta atribución de xurisdicción exclusiva e excluín-te incorpórase agora expresamente ás competencias dos xulgados do mercantil.

A creación destes novos xulgados especializados dentro da orde xurisdiccional civil, da necesidade incuestionada dos cales se fixo eco expresamente o Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza asinado o 28 de maio de 2001, responde a un dobre propósito. Por unha parte, dar resposta á necesidade que formula a nova Lei 22/2003, concursal, que lle atribúe ó xuíz do concurso o coñecemento de materias pertencentes a distintas disciplinas xurídicas e que, ata o día de hoxe, estaban asignadas a diferentes ordes xurisdiccionais, o que esixe do titular do órgano xurisdiccional e do persoal ó servizo del unha preparación especializada.

Doutro lado, a complexidade da realidade social e económica do noso tempo e a súa repercusión nas diferentes ramas do ordenamento aconsella avanzar decididamente no proceso da especialización. Con tal finalidade, encoméndaselles ós xulgados do mercantil outras competencias engadidas á materia concursal, abrindo con iso un camiño de futuro que debe render froitos importantes no proceso de modernización da nosa xustiza. Interesa engadir neste punto dúas aclaracións importantes. A denominación destes novos xulgados alude á natureza predominante nas materias atribuídas ó seu coñecemento, non a unha identificación plena coa disciplina ou a lexislación mercantil, sendo así que, nin se atribúen neste momento inicial ós xulgados do mercantil tódalas materias mercantís, nin tódalas materias sobre as que estenden a súa competencia son exclusivamente mercantís. De feito, o criterio seguido para esta atribución, dentro da orde xurisdiccional civil, non responde a directrices dogmáticas preestablecidas, senón a un contraste pragmático das experiencias que adiantaron na nosa práctica xudicial este proceso de especialización que agora se xeneraliza. Pátese así dunhas bases iniciais prudentes que se terán que desenvolver progresivamente nos anos vindeiros, de acordo coa experiencia que se vaia acumulando.

Por maior abastanza, coa creación dos xulgados do mercantil débense lograr outros obxectivos. En primeiro lugar, que a totalidade das materias que se susciten dentro da súa xurisdicción sexan resoltas por titulares con coñecemento específico e profundo da materia, o que ha de facilitar unhas resolucións de calidade nun ámbito de indubidable complexidade técnica. En segundo termo, iso ha de contribuír a que esas mesmas resolucións se dicten con maior celeridade, pois ese mellor coñecemento do xuíz na materia traducirase nunha maior axilidade no estudo e resolución dos litixios. En terceiro lugar, conseguirase máis coherencia e unidade no labor interpretativo das normas, sendo posible alcanzar criterios máis homoxéneos, evitándose resolucións contradictorias nun ámbito de indubidable vocación europea, o que xerará unha maior seguranza xurídica. Por último, a creación destes xulgados especializados dentro da orde xurisdiccional civil suporá unha redistribución do traballo que correlativamente favorecerá o mellor desenvolvemento das previsións da nova Lei de axuízamento civil.

Por todo iso, esta especialización debe te-la súa implantación igualmente na segunda instancia; para iso abondará con que unha ou varias seccións de Audiencias Provinciais, en función do volume de traballo, asuman en exclusiva o coñecemento dos asuntos propios desta xurisdicción mercantil, experiencia que, como se acaba de sinalar, xa foi levada á práctica nalgunhas audiencias. Esta exclusividade contribuirá aínda máis á unificación interpretativa das normas sometidas á súa consideración.

Tan importantes reformas implican a necesaria modificación da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. Por un lado, será necesaria a creación dalgúns novos xulgados, especialmente naquelas capitais de provincia nas que, tanto por seren núcleos onde os procedementos concursais son estatisticamente máis frecuentes, como por teren atribuído o coñecemento exclusivo de determinadas pretensións con exclusividade ó resto (sedes do Tribunal Superior de Xustiza), resulte así conveniente para o adecuado cumprimento da función xurisdiccional con respecto ós prazos procesuais. Por outro, nada impedirá a simple reconversión de xulgados civís nestes mercantís de nova creación, naquelas provincias onde, en atención ó volume de asuntos, non sexa necesaria a ampliación da planta; sen prexuízo, ademais, de que algún xulgado poida estende-la súa xurisdicción a outra provincia, dentro du-

nha mesma comunidade autónoma, se iso resulta conveniente en función do volume de asuntos.

Do mesmo modo e polo mesmo principio de eficacia e adecuación de medios, e naqueles casos en que condicións obxectivas así o aconsellen, poderanse establecer xulgados do mercantil en poboacións distintas á capital de provincia.

O Consello Xeral do Poder Xudicial corresponderalle unha selección e preparación rigorosa dos xuíces que vaian ocupar este tipo de órganos xurisdiccionais; para ese fin prevese un sistema de especialización preferente no que se deberán superar probas tendentes a acreditar un coñecemento específico da materia.

III

Esta reforma da Lei orgánica do poder xudicial permite tamén dar efectivo cumprimento ás previsións do Regulamento (CE) número 40/1994, do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro do 1993, sobre a marca comunitaria, o artigo 91 da cal obriga cada Estado membro a designar no seu territorio un número tan limitado como sexa posible de tribunais nacionais de primeira e de segunda instancia, denominados «Tribunais de marcas comunitarias», encargados de desempeñar as funcións que no citado regulamento se establecen.

A opción que maiores vantaxes presenta e que mellor se axusta ás indicacións da referida normativa é a de designa-los xulgados do mercantil e a sección correspondente da Audiencia Provincial de Alacant como tribunais de marcas comunitarias en España, en primeira e segunda instancia, respectivamente, estendendo a súa xurisdicción —para estes exclusivos efectos— a todo o territorio nacional. É en Alacant precisamente onde ten a súa sede a Oficina de Harmonización do Mercado Interior (OAMI), que ten como misión principal a promoción e administración das marcas, debuxos e modelos no ámbito da Unión Europea, labor no que comparte coas xurisdiccións dos estados da Unión Europea a tarefa de decidir acerca das solicitudes de invalidación destes títulos con posterioridade ó seu rexistro. O feito de que tribunais e oficina teñan a súa sede na mesma cidade permitirá optimizar mellor os recursos, así como garantir axilidade e rapidez nas comunicacións entre ambos, ademais de inserilo labor destes novos órganos xurisdiccionais nun contexto no que, desde hai anos, veñen xa traballando profesionais especializados nesta materia.

Coa reforma tamén se lles dá cumprimento ás previsións do Regulamento (CEE) n.º 12/2003, do Consello da Unión Europea, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado, para o que se lles atribúe ós novos xulgados do mercantil a competencia para coñecer dos litixios en que se apliquen os devanditos preceptos.

Artigo primeiro. *Efectos do concurso sobre dereitos fundamentais do concursado.*

1. Desde a admisión a trámite da solicitude de declaración de concurso necesario, por instancias do lexitimado para instalar, ou desde a declaración de concurso, de oficio ou por instancia de calquera interesado, e tanto nos casos de suspensión coma nos de intervención das facultades de administración e disposición do debedor sobre o seu patrimonio, o xuíz poderá acordar en calquera estado do procedemento as seguintes medidas:

1.^a A intervención das comunicacións do debedor, con garantía do segredo dos contidos que sexan alleos ó interese do concurso.

2.^a O deber de residencia do debedor persoa natural na poboación do seu domicilio. De o debedor incumprir

este deber ou existiren razóns fundadas para temer que puidese incumprilo, o xuíz poderá adoptar as medidas que considere necesarias, incluído o arresto domiciliario.

3.^a A entrada no domicilio do debedor e o seu rexistro.

2. De se tratar do concurso dunha persoa xurídica, as medidas previstas no punto anterior poderanse acordar tamén respecto de todos ou dalgún dos seus administradores ou liquidadores, tanto dos que o sexan no momento da solicitude de declaración de concurso coma dos que o fosen dentro dos dous anos anteriores.

3. A adopción de calquera das medidas descritas no punto 1 deste artigo acordarase logo de audiencia do Ministerio Fiscal e mediante decisión xudicial motivada, conforme os seguintes criterios:

a) A idoneidade da medida en relación co estado do procedemento de concurso;

b) O resultado ou obxectivo perseguido, que se exporá de maneira concreta;

c) A proporcionalidade entre o alcance de cada medida e o resultado ou obxectivo perseguido;

d) A duración da medida, con fixación do tempo máximo de vixencia, que non poderá exceder do estritamente necesario para asegura-lo resultado ou obxectivo perseguido, sen prexuízo de que, de persistiren os motivos que xustificaron a medida, o xuíz acorde a súa prórroga cos mesmos requisitos que a súa adopción. Durante o tempo de vixencia da medida, o xuíz poderá acordar en calquera momento a súa atenuación ou cesamento.

4. A intervención das comunicacións telefónicas deberase realizar consonte o previsto na Lei de axuízamento criminal.

5. A autorización xudicial de entrada e rexistro no domicilio do debedor ou das persoas ás que se refire o punto 2 deste artigo, cando neguen o seu consentimento, terá que se basear en indicios racionais de existencia de documentos de interese para o procedemento concursal, non achegados, ou na necesidade desta medida para a adopción de calquera outra procedente.

6. Contra as decisións xudiciais estimatorias poderá recorrer en apelación o debedor no prazo de cinco días, sen efectos suspensivos, ante a Audiencia Provincial. Este recurso terá tramitación preferente.

Artigo segundo. *Modificacións da Lei orgánica do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada nos termos seguintes:

1. O artigo 26 queda redactado da forma seguinte:

«O exercicio da potestade xurisdiccional atribúelles ós seguintes xulgados e tribunais:

Xulgados de paz.

Xulgados de primeira instancia e instrución, do mercantil, do penal, do contencioso-administrativo, do social, de menores e de vixilancia penitenciaria. Audiencias provinciais.

Tribunais superiores de xustiza.

Audiencia Nacional.

Tribunal Supremo.»

2. O punto 2.^o do artigo 75 queda redactado da seguinte forma:

«2.^o Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións dictadas polos xulgados do social da comunidade autónoma, así como dos recursos

de suplicación e os demais que prevé a lei contra as resolucións dos xulgados do mercantil da comunidade autónoma en materia laboral, e as que resolvan os incidentes concursais que versen sobre a mesma materia.»

3. O número 1 do artigo 80 quedará redactado da seguinte maneira:

«As audiencias provinciais, que terán a súa sede na capital da provincia, da que tomarán o seu nome, estenderán a súa xurisdicción a toda ela, sen prexuízo do previsto no punto 4 do artigo 82.»

4. O punto 4 do artigo 82 queda redactado da forma seguinte:

«Na orde civil coñecerán as audiencias provinciais dos recursos que estableza a lei contra resolucións dictadas en primeira instancia polos xulgados de primeira instancia da provincia.

Tamén coñecerán dos recursos que estableza a lei contra as resolucións dictadas en primeira instancia polos xulgados do mercantil, salvo as que se dicten en incidentes concursais que resolvan cuestións de materia laboral, debéndose especializar para tal fin unha ou varias das súas seccións, de conformidade co previsto no artigo 98 da presente lei orgánica.

Así mesmo, a sección ou seccións da Audiencia Provincial de Alacant que se especialicen ó abeiro do previsto no parágrafo anterior coñecerán, ademais, en segunda instancia e de forma exclusiva, de todos aqueles recursos ós que se refire o artigo 101 do Regulamento n.º 40/94, do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro do 1993, sobre a marca comunitaria, e o Regulamento 6/2002, do Consello da Unión Europea, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios. No exercicio desta competencia estenderán a súa xurisdicción a todo o territorio nacional e para estes únicos efectos denominaranse tribunais de marca comunitaria.»

5. O capítulo V do título IV denominarase «Dos xulgados de primeira instancia e instrucción, do mercantil, do penal, do contencioso-administrativo, do social, de vixilancia penitenciaria e de menores».

6. Engádesse un novo artigo 86 bis, coa seguinte redacción:

«1. Con carácter xeral, en cada provincia, con xurisdicción en toda ela e sede na súa capital, haberá un ou varios xulgados do mercantil.

2. Tamén se poderán establecer en poboacións distintas da capital de provincia cando, atendidas a poboación, a existencia de núcleos industriais ou mercantís e a actividade económica, o aconsellen, delimitándose en cada caso o ámbito da súa xurisdicción.

3. Poderanse establecer xulgados do mercantil que estendan a súa xurisdicción a dúas ou máis provincias da mesma comunidade autónoma, coa excepción do previsto no punto 4 deste artigo.

4. Os xulgados do mercantil de Alacant terán competencia, ademais, para coñecer, en primeira instancia e de forma exclusiva, de todos aqueles litixios que se promovan ó abeiro do previsto nos regulamentos números 40/94, do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro do 1993, sobre a marca comunitaria, e 6/2002, do Consello da Unión Europea, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios. No exercicio desta competencia os devanditos xulgados estenderán a súa xurisdicción a todo o territorio nacional,

e para estes únicos efectos denominaranse xulgados de marca comunitaria.»

7. Engádesse un novo artigo 86 ter, coa seguinte redacción:

«1. Os xulgados do mercantil coñecerán de cantas cuestións se susciten en materia concursal, nos termos previstos na súa Lei reguladora. En todo caso, a xurisdicción do xuíz do concurso será exclusiva e excluínte nas seguintes materias:

1.º As accións civís con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o patrimonio do concursado con excepción das que se exerzan nos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores ás que se refire o título I do libro IV da Lei de axuízamento civil. Co mesmo alcance coñecerá da acción a que se refire o artigo 17.1 da Lei concursal.

2.º As accións sociais que teñan por obxecto a extinción, modificación ou suspensión colectivas dos contratos de traballo nos que sexa empregador o concursado, así como a suspensión ou extinción de contratos de alta dirección, sen prexuízo de que cando estas medidas supoñan modifica-las condicións establecidas en convenio colectivo aplicable a estes contratos se requirirá o acordo dos representantes dos traballadores. No axuízamento destas materias, e sen prexuízo da aplicación das normas específicas da Lei concursal, deberanse ter en conta os principios inspiradores da ordenación normativa estatutaria e do proceso laboral.

3.º Toda execución fronte ós bens e dereitos de contido patrimonial do concursado, calquera que sexa o órgano que a ordenase.

4.º Toda medida cautelar que afecte o patrimonio do concursado, excepto as que se adopten nos procesos civís que quedan excluídos da súa xurisdicción no número 1.º

5.º As que no procedemento concursal debe adoptar en relación coa asistencia xurídica gratuíta.

6.º As accións tendentes a lles esixir responsabilidade civil ós administradores sociais, ós auditores ou, se é o caso, ós liquidadores, polos prexuízos causados ó concursado durante o procedemento.

2. Os xulgados do mercantil coñecerán, así mesmo, de cantas cuestións sexan da competencia da orde xurisdiccional civil, respecto:

a) Das demandas nas que se exerzan accións relativas a competencia desleal, propiedade industrial, propiedade intelectual e publicidade, así como todas aquelas cuestións que dentro desta orde xurisdiccional se promovan ó abeiro da normativa reguladora das sociedades mercantís e cooperativas.

b) As pretensións que se promovan ó abeiro da normativa en materia de transportes, nacional ou internacional.

c) Aquelas pretensións relativas á aplicación do dereito marítimo.

d) As accións relativas a condicións xerais da contratación nos casos previstos na lexislación sobre esta materia.

e) Os recursos contra as resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de recurso contra a cualificación do rexistrador mercantil, consonte o disposto na Lei hipotecaria para este procedemento.

f) Dos procedementos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado.

g) Cantas incidencias ou pretensións se promovan como consecuencia da aplicación da normativa vixente sobre arbitraje nas materias ás que se refire este punto.»

8. O punto 1 do artigo 210 queda redactado da forma seguinte:

«Os xuíces de primeira instancia e de instrucción, do mercantil, do penal, do contencioso-administrativo, de menores e do social substituiranse entre si nas poboacións onde existan varios, na forma que acorde a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, por proposta da Xunta de Xuíces.»

9. O parágrafo segundo do punto 3 do artigo 211 queda redactado da forma seguinte:

«A substitución dos xuíces do penal corresponderalles, no caso do artigo 89, ós de primeira instancia. Nos demais casos, os xuíces do penal e, igualmente, os de primeira instancia e instrucción serán substituídos polos xuíces do mercantil, de menores, do contencioso-administrativo e do social, segundo a orde que estableza a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.»

10. Engádesse un segundo parágrafo ó número 1 do artigo 236 da Lei orgánica do poder xudicial, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. A publicidade dos edictos entenderase cumprida mediante a inserción, segundo proceda, nos boletíns oficiais que sinalen as leis procesuais.

Cando expresamente así se preveza, tal publicidade e comunicacións poderanse substituír, nos termos que regulamentariamente se determinen, pola utilización de medios telemáticos, informáticos ou electrónicos.

2. A publicación en calquera outro medio poderase acordar por petición e por conta da parte que o solicite.»

11. Engádeselle ó artigo 329 un novo punto 4 coa seguinte redacción:

«4. Os concursos para a provisión dos xulgados do mercantil resolveranse en favor daqueles que, acreditando a especialización nos asuntos propios dos devanditos xulgados obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto no seu escalafón. No seu defecto, cubriranse cos maxistrados que acrediten teren permanecido máis anos na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, pola orde de antigüidade establecida no punto primeiro.

Os que obteñan praza deberán participar antes de tomar posesión no seu novo destino nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente.

No caso de as vacantes se teren que cubrir por ascenso, o Consello Xeral do Poder Xudicial establecerá igualmente actividades específicas e obrigatorias de formación que se deberán realizar antes da toma de posesión dos devanditos destinos por aqueles xuíces ós que corresponda ascender.»

12. Engádeselle ó artigo 330 un punto 5 coa seguinte redacción:

«5. Os concursos para a provisión de prazas de maxistrados das seccións das audiencias provinciais que coñezan en segunda instancia dos recursos interpostos contra todo tipo de resolucións dictadas polos xulgados do mercantil resolveranse

en favor daqueles que, acreditando a especialización nos asuntos propios dos devanditos xulgados, obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto no seu escalafón. No seu defecto, cubriranse cos maxistrados que acrediten teren permanecido máis tempo na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, polos maxistrados que acrediten teren permanecido máis tempo en órganos xurisdiccionais mixtos. No seu defecto, pola orde de antigüidade establecida no punto primeiro.»

13. O punto 1 da disposición adicional oitava queda redactado da forma seguinte:

«A competencia para tramitar e decidir en primeira instancia os procesos civís sobre impugnación de acordos sociais establecidos no Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas; na Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada; na Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, así como os que versen sobre a nulidade de rexistro de calquera das modalidades da propiedade industrial ás que se refire a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, quedará en todo caso atribuída ós xuíces do mercantil que resulten competentes.»

Disposición transitoria única.

Ata o momento en que entren en funcionamento os xulgados do mercantil, as funcións atribuídas a eles na Lei concursal serán asumidas polos actuais xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrucción, de acordo co que estableza a Lei de demarcación e de planta xudicial, aplicándose a eles o disposto no punto 7 do artigo segundo da presente lei orgánica.

Tales funcións poderán ser asignadas pola Sala de Goberno do respectivo Tribunal Superior de Xustiza, con carácter exclusivo, a un dos xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrucción do partido xudicial.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango, no que contradigan ou se opoñan ó establecido na presente lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.*

No prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei orgánica, o Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de modificación da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, co fin de adecualas súas previsións á presente lei orgánica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en funcionamento dos xulgados do mercantil.*

Os xulgados do mercantil entrarán en funcionamento a partir do día 1 de setembro de 2004.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do disposto no seu artigo primeiro e na súa

disposición transitoria, que entrará en vigor o día 1 de setembro de 2004.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,
que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 9 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

13813 LEI 22/2003, do 9 de xullo, concursal.
(«BOE» 164, do 10-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei persegue satisfacer unha aspiración profunda e longamente sentida no dereito patrimonial español: a reforma da lexislación concursal. As severas e fundadas críticas que mereceu o dereito vixente non foron seguidas, ata agora, de solucións lexislativas, que, a pesar da súa recoñecida urxencia e dos meritorios intentos realizados na súa preparación, se viñeron demorando e provocando, ó mesmo tempo, un agravamento dos defectos de que padece a lexislación en vigor: arcaísmo, inadecuación á realidade social e económica do noso tempo, dispersión, carencia dun sistema harmónico, predominio de determinados intereses particulares en detrimento doutros xerais e do principio de igualdade de tratamento dos acredores, coa consecuencia de solucións inxustas, frecuentemente propiciadas na práctica por manobras de mala fe, abusos e simulacións, que as normas reguladoras das institucións concursais non alcanzan a reprimir eficazmente.

O arcaísmo e a dispersión das normas vixentes nesta materia son defectos que derivan da codificación española do século XIX, estruturada sobre a base da dualidade de códigos de dereito privado, civil e de comercio, e da regulación separada da materia procesual respecto da substantiva, nunha Lei de axuízamento civil. Pero tamén contribúe a aumentar eses defectos e a dificultar a correcta composición do sistema a multiplicidade de procedementos concursais; así, xunto ás clásicas institucións da quebra e do concurso de acredores, para o tratamento da insolvencia de comerciantes e de non comerciantes, respectivamente, introdúcense outras, preventivas ou preliminares, como a suspensión de pagamentos e o procedemento de quitación e espera, de presupostos obxectivos pouco claros e, polo tanto, de límites moi difusos respecto daquelas. A Lei de suspensión de pagamentos, do 26 de xullo de 1922, promulgada con carácter provisional, porque se dictou para resolver un caso concreto, chegou a se converter en peza básica do noso dereito concursal gracias á flexibilidade da súa regulación, que, se ben paliou o tratamento das situacións de crise patrimonial dos comerciantes, complicou aínda máis a falta de coherencia dun conxunto normativo carente dos principios xerais e do desenvolvemento sistemático que caracterizan un sistema harmónico, e permitiu corruptelas moi notorias.

Aínda máis se agrava a situación do dereito concursal español con fenómenos tan anacrónicos como a actual vixencia dun bo número de artigos do noso primeiro Código de comercio, promulgado por Fernando VII o 30 de maio de 1829, en virtude da invocación que deles fai a Lei de axuízamento civil do 3 de febreiro de 1881, anterior ó Código de comercio do 22 de agosto de 1885, e vixente nesta materia, conforme o punto 1 da disposición derogatoria única da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, ata a entrada en vigor desta Lei concursal.

O lexislador español non puxo ata agora remedio a estes males. A pesar da pronta reforma que no Código de comercio de 1885 introduciu a Lei do 10 de xuño de 1897 e da moi importante que supuxo a citada Lei de suspensión de pagamentos de 1922, as modificacións lexislativas foron moi parciais e limitadas a materias concretas, o que, lonxe de mellora-lo sistema concursal, contribuíu a complicallo con maior dispersión de normas especiais e excepcionais, e, frecuentemente, coa introducción de privilexios e de alteracións da orde de prelación dos acredores, non sempre fundada en criterios de xustiza.

Non faltaron, sen embargo, meritorios traballos prelexislativos no camiño da reforma concursal. Ademais do realizado pola Comisión Xeral de Codificación, en virtude da Real orde do 10 de xuño de 1926, que concluíu coa elaboración dun anteproxecto de Código de comercio, publicado, no que se refire a esta materia, na Gaceta de Madrid do 15 de outubro de 1929, e orientado na máis precisa distinción dos supostos da quebra e da suspensión de pagamentos, hai que sinalar fundamentalmente os seguintes:

a) O anteproxecto elaborado pola Sección de Xustiza do Instituto de Estudos Políticos, concluído en 1959 e non publicado oficialmente, no que por vez primeira se ensaiaba a regulación conxunta, substantiva e procesual, das institucións concursais, para comerciantes e non comerciantes, se ben se mantiña a dualidade de procedementos en función dos diversos supostos obxectivos que determinaba a das súas respectivas solucións: a liquidación e o convenio.

b) O anteproxecto elaborado pola Comisión Xeral de Codificación en virtude do disposto nas ordes ministeriais do 17 de maio de 1978, publicado no seu texto articulado pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza con data do 27 de xuño de 1983, que se baseaba nos principios de unidade legal —material e formal—, de disciplina —para debedores comerciantes e non comerciantes— e de sistema —un único procedemento, flexible, con diversas solucións posibles: o convenio, a liquidación e a xestión controlada—. Ese texto, posteriormente revisado, foi seguido, en 1987, doutro anteproxecto de Lei de bases pola que se delegaba no Goberno a potestade de dictar normas con rango de Lei sobre o concurso de acredores.

c) A proposta de anteproxecto elaborada na Comisión Xeral de Codificación conforme os criterios básicos comunicados polo ministro de Xustiza e Interior o 23 de xuño de 1994, concluída o 12 de decembro de 1995 e publicada pola Secretaría Xeral Técnica con data do 15 de febreiro de 1996, na que se manteñen os principios de unidade legal e de disciplina, pero na que se volve á dualidade de concurso de acredores e suspensión de pagamentos, sobre a base da diferenza entre insolvencia e iliquidez, reservando este último procedemento, con alto grao de desxudicialización, como beneficio de debedores solventes e de boa fe.

d) O anteproxecto de Lei concursal elaborado pola Sección Especial para a Reforma Concursal, creada durante a anterior lexislatura no seo da Comisión Xeral de Codificación por Orde do Ministerio de Xustiza do